

SESIÓN ORDINARIA DE 27 DE DICIEMBRE DE 2013

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e quince minutos do día 27 de decembro de dous mil trece, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D^a Pilar Méndez Lombao, D^a Tania Díaz Seijas, D. Antonio López Pérez D. Jesús Fernández García, Dona María José Martínez Vigo, D. Miguel Ángel López Varela, D. José Manuel Carral Méndez e D. Arcadio Lombao Román,, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

A concelleira dona D^a María Begoña Seco Varela incorpórase durante o debate do terceiro punto da orde do día.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 27 DE SETEMBRO E 25 DE OUTUBRO DE 2013

Ponse de manifesto aos membros da Corporación as actas das sesións plenarias celebradas os días 27 de setembro e 25 de outubro de 2013.

Non xurdindo debate, sométese votación a aprobación das citadas actas. Realizada a votación, quedan aprobadas pola unanimidade dos membros presentes da corporación

2.- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS

O sr. Alcalde expón sucintamente o contido das rectificacións propostas, que son as que seguen:

“INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 94

SAN LORENZO

NOME: PORCIÓN VIAL EN A REDONDIÑA – SAN LORENZO DE AGUIAR.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SAN LORENZO DE AGUIAR

Núcleo/lugar: A REDONDIÑA

Lindeiros: Norte finca matriz; Sur, camiño público; Este, Josefa Vigo e polo Oeste, Amador González.

SUPERFICIE: 15,68 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 17 de xullo de 2.009.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: Finca 11496, tomo 1165, libro 104, folio 136.

VIAL Nº 43

CAMIÑO SAN CLODIO DE AGUIAR

NOME:

Camiño de acceso a San Clodio

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Se trata de un camino que permite el acceso al núcleo de San Clodio en la parroquia de San Clodio de Aguiar desde la carretera provincial LU-3907. Longitud del camino: 1.212 m. Ancho pavimentación del camino: 4 m.

REF. CATASTRAL:

O camiño se corresponde coas seguintes fincas catastrais:

Polígono 86, parcela 9003.

Polígono 88, parcela 9001.

Polígono 87, parcela 9002.

CARACTERÍSTICAS DO VIAL: Pavimentado con firme flexible composto de rego asfáltico.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Posesión inmemorial.

VIAL N° 44

CAMIÑO

NOME:

Camino a Carballido

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Se trata de un camino que permite el acceso al núcleo de Carballido. Longitud del camino: 490 m. Ancho pavimentación del camino: 3 m.

REF. CATASTRAL:

O camiño se corresponde coas seguintes fincas catastrais:

Polígono 83, parcela 9001.

Polígono 84, parcela 9002.

CARACTERÍSTICAS DO VIAL: Pavimentado con firme flexible composto de rego asfáltico.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Posesión inmemorial.

VIAL N° 45

CAMIÑO EN BONXE

NOME:

Camino en Bonxe

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Se trata de un camino de la parroquia de Bonxe (San Mamede) que une el núcleo de As Lombas, el de Bouzas y el de Eirexe. Longitud del camino: 768 m. Ancho pavimentación del camino: 3 m.

REF. CATASTRAL:

O camiño se corresponde coas seguintes fincas catastrais:

Polígono 94, parcela 9003.

Polígono 94, parcela 9002.

CARACTERÍSTICAS DO VIAL: Pavimentado con firme flexible composto de rego asfáltico.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Posesión inmemorial.

VIAL N° 46

CAMIÑO EN MATELA

NOME:

Camino en Matela –Saleta-

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Se trata de un camino que permite el acceso al núcleo de Saleta desde la carretera LU-115. Longitud del camino: 477 m. Ancho pavimentación del camino: 3-4 m.

REF. CATASTRAL:

O camiño se corresponde coas seguintes fincas catastrais:

Polígono 12, parcela 9004.

Polígono 21, parcela 9007.

CARACTERÍSTICAS DO VIAL: Pavimentado con firme flexible composto de rego asfáltico.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Posesión inmemorial.

VIAL N° 47

CAMIÑO EN CELA

NOME:

Camino en Cela –acceso a Casanova-

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Se trata de un camino con forma de “y” que permite el acceso al núcleo de Casanova. Longitud del camino: 905 m. Ancho pavimentación del camino: 3 m.

REF. CATASTRAL:

O camiño se corresponde coas seguintes fincas catastrais:

Polígono 15, parcela 9008.

Polígono 14, parcela 9007.

CARACTERÍSTICAS DO VIAL: Pavimentado con firme flexible composto de rego asfáltico.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Posesión inmemorial.

VIAL N° 48

CAMIÑO EN ASPAI

NOME:

Camino en Aspai –Province-

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Se trata de un camino que pasando por la aldea de Province une las carreteras provinciales LU-5101 y LU-2905 que llegan hasta el núcleo de Aspai. Longitud del camino: 1407 m. Ancho pavimentación del camino: 3 m.

REF. CATASTRAL:

O camiño se corresponde coas seguintes fincas catastrais:

Polígono 49, parcela 9002.

Polígono 49, parcela 9009.

Polígono 49, parcela 9010.

CARACTERÍSTICAS DO VIAL: Pavimentado con firme flexible composto de rego asfáltico.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Posesión inmemorial”.

Non xurdindo debate, sométese a votación a proposta de rectificación do inventario municipal de bens e dereitos.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

3.- APROBACIÓN PROVISIONAL DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO 2014

Iníciase o debate mediante a exposición polo sr. Alcalde dos grandes rasgos do proxecto de orzamento para o exercicio 2014, e que consta dos seguintes documentos:

ESTADO DE GASTOS RESUMO POR CAPÍTULO

| CAPÍTULO | DENOMINACIÓN | IMPORTE EUROS |
|--------------|---------------------------|---------------|
| 1 | Gastos de personal | 1.393.191,20 |
| 2 | Gastos corrientes | 1.964.067,36 |
| 3 | Gastos Financieros | 40.500,00 |
| 4 | Transferencias Corrientes | 96.857,24 |
| 6 | Inversiones reales | 2.084.684,32 |
| 7 | Transferencias de capital | 0,00 |
| 8 | Activos financieros | 0,00 |
| 9 | Pasivos financieros | 35.000,00 |
| TOTAL GASTOS | | 5. 614.300,12 |

ESTADO DE INGRESOS RESUMO POR CAPÍTULO

| CAPÍTULO | DENOMINACIÓN | IMPORTE EUROS |
|----------|---------------------------|---------------|
| 1 | Impuesto directos | 1.050.000,00€ |
| 2 | Impuestos indirectos | 69.000,00€ |
| 3 | Tasas y otros ingresos | 2.571.109,00€ |
| 4 | Transferencias Corrientes | 1.662.691,12€ |

| CAPÍTULO | DENOMINACIÓN | IMPORTE EUROS |
|----------|----------------------------|---------------|
| 5 | Ingresos patrimoniales | 1.500,00€ |
| 6 | Enajenación de inversiones | 130.000,00 |
| 7 | Transferencias de capital | 130.000,00€ |
| 8 | Activos financieros | 0,00 |
| 9 | Pasivos financieros | 0,00 |
| | TOTAL INGRESOS | 5.614.300,12 |

MEMORIA ORZAMENTARIA

A presente memoria ten por obxecto explicar o contido do orzamento xeral do Concello de Outeiro de Rei así como as principais modificacións en relación ao orzamento do exercicio anterior analizando as vertentes de gastos de ingresos.

Estados de ingresos

As principais modificacións nos estados de ingresos en relación ao exercicio anterior veñen dadas polas modificacións normativas experimentadas nos últimos meses e que se traducen nun incremento da carga fiscal.

En primeiro lugar, destácase unha moderada diminución das previsións de recadación do Imposto de Bens Inmóbles de natureza urbana, derivado dunha rebaixa tributaria que se estima nun 10% e que se corresponde á solicitude do Concello de Outeiro de Rei de aplicar á exención da suba prevista no artigo 8 do Real Decreto-ley 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urgentes en materia presupuestaria, tributaria y financiera para la corrección del déficit público, a cambio de unha pequena actualización do valor da ponencia catastral mediante a aplicación do coeficiente corrector do 1,1. A pesares da aplicación deste coeficiente corrector, o valor medio da ponencia seque a estar moi por debaixo do 50% do valor de mercado que se estima coma axeitado. En contrapartida, e co gallo de evitar a incidencia sobre a estabilidade orzamentaria, establécese o tipo impositivo para bens inmóbles urbanos no 0,5. Isto supón unha baixa do 20% respecto do ano 2013.

Consígnase novamente, tanto pola vertente de ingresos coma de gastos, os cretos necesarios para a xestión do Plan Parcial de A Palloza, xa que se cambiou o sistema de actuación e os Proxectos de Urbanización se atopan rematados.

A execución real desta previsión dependerá da aprobación, dentro do exercicio orzamentario, do documento de parcelación e da expedición das correspondentes liquidacións, o que dependerá das incidencias que xurdan dentro da formulación deste documento e do trámite de información pública.

Asemade, consígnanse as transferencias recibidas da UE para o desenvolvemento do obradoiro de emprego e programas de cooperación (Fondo Social Europeo), así como do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) para a realización de actuacións varias neste termo municipal.

Prevéese a financiación da Deputación Provincial de Lugo correspondente aos P.O.S dos anos 2013 e 2014, dado que o pleno provincial acordou confeccionar

recentemente o correspondente ao ano 2013, se ben non se poderá recoñecer o dereito até o ano 2014. consígnase o correspondente ao ano 2014 xa que se espera –unha vez máis– unha meirande dilixencia da Deputación provincial neste ano próximo na tramitación dos seus plans.

Estado de gastos

A pesares da modificación da estrutura de financiamento dos servizos, fundamentalmente polo que atinxe ás restantes administracións públicas, non se prevé unha redución dos créditos adicados aos diferentes servizos (augas, recollida de lixo, escola infantil municipal, servizos sociais, alumeadado público, servizos culturais e deportivos... etc).

Sí que se incrementa a dotación correspondente ao servizo de tratamento de lixo, consecuencia da repercusión dos custes de tratamento a apricar por SOGAMA que, de feito, implicarán unha suba do 34% dos custes deste servizo. En tanto esta suba se prevé que teña lugar no segundo semestre do ano 2014, a repercusión sobor o financiamento orzamentario efectúase por unha contía aproximada ao 17%.

Asemade, prevése un incremento dos custes de abastecemento, tratamento e depuración de augas, dado que este ano remata a vixencia do actual contrato de xestión e debe licitarse novamente. En tanto o prezo pagado a día de hoxe está moi por baixo dos prezos de mercado, consígnase unha contía máis elevada para respostar ao resultado do proceso de licitación.

Prevéanse dous partidas de transferencias correntes a outras administracións: á correspondente ao transporte público metropolitano e á Deputación Provincial de Lugo, para a prestación do servizo de teleasistencia. Mantense a partida adicada á Mancomunidade de Municipios da Terra Chá.

Tampouco experimentan cambios significativos os créditos adicados a gastos de persoal, debido á conxelación das súas retribucións e á limitación ás novas contratacións establecida polo Real Decreto-Lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

Non obstante, reflíctense os custes asociados ao programa de cooperación e ao funcionamento do obradoiro de emprego. Estes dous proxectos de creación de emprego fináncianse ao 100% con fondos comunitarios, polo que deben consignarse, pola vertente de gastos e ingresos, as partidas axeitadas para o seu cumprimento.

En relación á débeda pública, non se prevé a concertación de novas operacións de crédito, nin para financiar inversións novas nin para gastos correntes, xa que o Concello tampouco este ano tivo a necesidade de acudir á segunda fase do mecanismo extraordinario de pagos a provedores.

Renóvase á inversión relativa á ampliación do servizo de alumeadado público así coma a construción dun local social en Parada.

Debido á data de confección do orzamento, non se pode precisar a natureza da inversión con cargo ao fondo de compensación ambiental nin ao POS 2014.

Concluindo:

As previsións recollidas no orzamento de ingresos cínxense estrictamente á liquidación do exercicio anterior, modificándose exclusivamente na medida na que se modifica o marco normativo regulador de cada recurso e cunhas correccións conservadoras en relación as posibles modificacións dos feitos impositivos.

As previsións recollidas no orzamento de gastos baséanse na austeridade, co gallo de garantir a prestación dos servizos municipais que se viñan prestando co mesmo nivel de calidade.

BASES DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DO EXERCICIO 2.014

De acordo co disposto nos Art. 166 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 9.1 do Real Decreto 500/1.990, de 20 de abril, fórmulanse as Bases de Execución do Orzamento para o 2.012 que, a continuación, se expresan:

1. Cretos orzamentarios.

Os cretos para gastos integrados no Orzamento serán destinados exclusivamente á finalidade específica para os que foron autorizados no mesmo ou ó aprobar as súas modificacións mediante o procedemento legalmente establecido nos Art. 27 e 28 do Real Decreto citado, será a nivel de Programa e Capítulo.

2. Transferencias de créditos.

Os cretos das diferentes Partidas de Gastos do Orzamento poden ser transferidos a outras Partidas con subxección ás seguintes normas:

a) Órgano competente para a súa autorización:

O Presidente da Corporación sempre que se refira ás altas e baixas de créditos de persoal, aínda que pertenczan a diferentes áreas de gasto e a transferencias de cretos entre Partidas pertencentes ao mesmo área de gasto.

b) Tramitación:

As transferencias autorizadas polo Presidente requirirán informe previo de Intervención, entrando en vigor unha vez se adoptase polo Presidente a resolución aprobatoria.

3. Autorización e disposición de gastos.

Con cargo ós créditos do Estado de Gastos do Orzamento corresponderá:

a) Ó Pleno da Corporación para:

1.O recoñecemento extraxudicial de cretos, cando non exista dotación orzamentaria e concesión de quita e espera.

b) Ó Presidente para:

1. A autorización de tódolos gastos que, pola súa contía, pertencen a súa competencia orixinaria e compromiso de gastos relativos a contratos que non teñan unha duración superior a un ano e non excedan da contía de 3000 euros.
2. Aqueles gastos que estean dentro dos límites da súa competencia.
3. Todos aqueles gastos que expresamente lle atribúan as Leis e os que aquelas asignen ó Municipio e non encomenden a outros órganos.
4. A concertación de operacións de creto a curto prazo coa finalidade de atender necesidades transitorias de tesourería.

c) A Xunta de Goberno Local para:

1. A disposición de gastos de natureza contractual de contía superior os 3000 euros ou de duración superior a un ano.
2. A proposta outorgamento de subvencións dentro dos límites autorizados na correspondente convocatoria ou, no caso de tratarse de subvencións individualizadas, o seu outorgamento de conformidade co disposto nas bases de execución.

4. Recoñecemento ou liquidación de obrigas.

O recoñecemento das obrigas, unha vez adoptado legalmente o compromiso do gasto, corresponderá ó Presidente da Corporación.

5. Ordenación do pago.

A ordenación do pago daquelas obrigas previamente recoñecidas corresponderá ó Presidente. As ordes de pago deberán acomodarse ó plan de disposición de fondos que estableza o Presidente, tendo prioridade en todo caso os gastos de persoal e as obrigas contraídas en exercicios anteriores. En defecto de plan de disposición de fondos, a prioridade nos pagos atenderá, coa salvedade do pago da débeda pública e dos gastos de persoal, a data de rexistro da factura ou, no seu defecto, a data de aprobación da factura polo órgano competente.

6. Xustificación previa a todo gasto.

Non poderán expedirse ordes de pago sen que previamente se acredite documentalmentemente ante o órgano competente para recoñecer as obrigas a realización das prestacións ou o dereito do acredor e todo elo de conformidade cas resolucións aprobatorias da autorización e compromiso do gasto.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, poderán expedirse ordes de pago a conta da liquidación definitiva dos contratos administrativos de obras, suministro e consultoría e asistencia técnica e servizos.

No suposto de contratos administrativos de obra pública, a xustificación da realización da inversión efectuarase mediante a certificación de obra asinada polo director de obra. A comprobación material da inversión realizada efectuarase polo órgano competente para recoñecer o gasto no acto expreso de recepción de obra. De non existir acto expreso de recepción de obra, dita comprobación material enténdese implícita na aprobación da factura derivada do acto de liquidación do contrato.

7. Esixencia común a toda clase de pagos.

O Tesoureiro esixirá a identificación das persoas a quen pague cando para el fosen descoñecidas, mediante a exhibición do D.N.I, permiso de conducir ou pasaporte. No suposto de que actúe por representación, deberá exhibir a escritura ou documento que acredite a representación. Non quedará exento de responsabilidade directa e persoal si se incumprise dito requisito.

O Tesoureiro quedará responsable si se efectúan os pagos sen a exhibición do NIF, sen demostrar estar ó corrente no pago do IAE, Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados ou sen efectualas retencións a conta do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas ou Sociedades, ou calquera outro título ou requisito esixido pola Lexislación vixente. A falta deste requisito farao responsable con arranxo ás Leis.

Os pagos a persoas que non soubesen firmar ou estivesen impossibilitados esixirán dúas testemuñas co fagan ó seu rogo ou á impresión da sinal dactilar do interesado no documento.

Os que actúen en representación de herdanza acreditarán coa documentación preceptiva que obran con suficiente autorización dos titulares da mesma. Respecto a incapacitados e menores, entenderase cos representantes legais.

8. Ordes de pago a xustificar.

Cando non se poida acompañar ás ordes de pago os documentos que acrediten a realización da prestación ou o dereito do acredor, terán o carácter de a xustificar, aplicándose ós correspondentes créditos orzamentarios.

Tan só se poderán expedir ordes de pago a xustificar nos seguintes supostos:

Que o preceptor non teña pendente de xustificar polo mesmo concepto presupostario fondos librados a xustificar.

Que os fondos non se destinen a gastos de capital ou inversións.

Que as atencións non sexan periódicas ou repetitivas, en cuio caso terán carácter de anticipos de caixa fixa.

Que as cantidades a xustificar non excedan dos 3000 euros.

Os perceptores destas ordes de pago deberán xustificala aplicación das cantidades que reciban no prazo máximo de tres meses, salvo os anticipos de caixa fixa, que se xustificarán ó longo do exercicio presupostario.

9. Xustificación dos pagos.

Para autorizarse un mandamento esixiranse as facturas orixinais co recibín, pero garantizadas co selo ou firma da casa subministradora. O recibín esixirao o Sr. Tesoureiro na factura e o libramento e, se se paga fora da localidade, cos xustificantes do acuse de recibo que envíen as respectivas casas.

En ningún caso se pagarán cantidades con copias simples de facturas, documentos e xustificantes de pago.

10. Dietas e gastos de transporte.

No que atinxe a súa contía, estarase ao disposto nos acordos plenarios correspondentes.

Asemade, de conformidade co previsto na sentenza do Tribunal Supremo de 13/12 de 2000 no seo do recurso 3526/1995, os Concelleiros que non teñan dedicación parcial ou exclusiva terán dereito a percibir, en concepto de indemnización por lucro cesante, a cantidade de 50 euros por cada media xornada efectivamente e xustificadamente adicada o desenrrolo de labores propias das funcións que teñan delegadas.

A xustificación a que se refire o parágrafo anterior efectuaráse mediante declaración detaxada, escrita e asinada polo concelleiro solicitante do abono das citadas indemnizacións, que responderá da súa veracidade.

11. Gastos de carácter plurianual.

A autorización e compromiso dos gastos de carácter plurianual subordinaranse ó crédito que para cada exercicio se consigne nos respectivos Orzamentos, segundo dispón o Artigo 79.2 do Real Decreto 500/1.990, de 20 de abril.

Poderán adquirirse compromisos de gastos de carácter plurianual sempre que a súa execución se inicie dentro do exercicio corrente e que, ademais, se encontren comprendidos nalgún dos casos seguintes:

- a) Inversións e transferencias de capital.
- b) Contratos de suministros, de asistencia técnica e científica, de prestación de servicios, de execución de obras de mantemento e arrendamento de equipos que non poidan ser estipulados ou resulten antieconómicos por un ano.
- c) Arrendamento de bens inmoables.
- d) Cargas financeiras das débedas da Entidade.

O número de exercicios posteriores a que poden aplicarse os gastos dos apartados a) e b) non será superior a 4 anos, salvo autorización expresa do Pleno do Concello.

12. Función interventora.

En tanto as funcións de fiscalización non sexan asumidas por un funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional, pertencente a subescala Intervención-Tesourería, ditas funcións interventoras quedarán reducidas ás previstas no artigo 219.2, letras a) e b) do Texto Refundido das Lei Reguladora das Facendas Locais. Neste caso, o titular do posto de Secretaría que desempeñe accidentalmente as funcións de Intervención non responderá das inexactitudes na remisión de información a outras administración públicas, nin da temporaneidade e integridade de tal remisión.

13. Xestión, liquidación e recadación de ingresos.

1. En relación cos actos de xestión, liquidación e recadación de ingresos, haberán de observarse as seguintes prescricións:

a) Unha vez aprobados os padróns correspondentes, as listas cobratorias e pliegos de cargo, remitiranse a Intervención para ser fiscalizados, quedando os recibos e matrices ou copias en poder da unidade administrativa encargada da tramitación ata a súa entrega ó Servicio de Recadación, que o serán con 15 días de antelación ó período voluntario de cobranza. Esta entrega efectuarase sen matrices – copia, acompañados dun exemplar das listas cobratorias.

b) Rematados os prazos de ingreso voluntario, pola Recadación

relacionaranse os valores en recibo impagados e as certificacións de descuberto, cuías relacións pasarán a Tesourería para ser providenciadas de apremio e seguilo procedemento de cobro en vía executiva.

c) Os ingresos que se efectúen directamente en Tesourería, segundo liquidación que previamente se formulase, realizaranse mediante a correspondente orden de ingreso ou talón de cargo, librándose a correspondente carta de pago ou recibo xustificante de ingreso.

2. Polo que respecta autoliquidacións, o ingreso terá as condición de “a conta” do que resulte da liquidación definitiva que ó efecto se efectúe posteriormente.

14. Créditos de difícil ou imposible recadación.

Co fin de axustar os datos reflectidos na contabilidade municipal a realidade económica da entidade, os créditos de difícil ou imposible recadación obteráanse trala aplicación das seguintes regras:

a) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos de los dos ejercicios anteriores al que corresponde la liquidación, se minorarán en un 25 por ciento.

b) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos del ejercicio tercero anterior al que corresponde la liquidación, se minorarán en un 50 por ciento.

c) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos de los ejercicios cuarto a quinto anteriores al que corresponde la liquidación, se minorarán en un 75 por ciento.

d) Los derechos pendientes de cobro liquidados dentro de los presupuestos de los restantes ejercicios anteriores al que corresponde la liquidación, se minorarán en un 100 por ciento

15. Comploto das prestacións que perciba o persoal funcionario incluído no Réxime Xeral de Seguridade Social e o persoal laboral nas situacións de incapacidade temporal

Complementar as prestacións que perciba o persoal funcionario incluído no Réxime Xeral de Seguridade Social e o persoal laboral nas situacións de incapacidade temporal, de acordo cos seguintes límites:

- Continxencias profesionais: dende o primeiro día ata o 100% das súas retribucións no mes anterior.
- Continxencias comúns: Os tres primeiros días: o 50% das retribucións do mes anterior. Do día cuarto ao día vixésimo: o 75% das retribucións do mes anterior. A partires do día vixésimo: o 100% das retribucións básicas e complementarias.

Non obstante o anterior, cando a baixa temporal por continxencia común traia causa dunha hospitalización ou intervención quirúrxica sen hospitalización, complementábase ata o 100% das retribucións.

Asemade, para o cómputo dos períodos correspondentes a duración das baixas por continxencias comúns causadas por recaídas en enfermidades crónicas, continuarase o cómputo dende o período anterior de incapacidade por mor de dita enfermidade ou lesión.

ANEXO DE INVERSIÓNS A EXECUTAR NO EXERCICIO 2014

Título do proxecto: Centro sociocultural en Parada

Orzamento: 30.000 euros.

Execución: municipal.

Financiamento: 100% municipal.

Título do proxecto: Ampliación do servicio de alumeado público

Orzamento: 60.000 euros.

Execución: municipal.

Financiamento: 100% municipal.

Título do proxecto: Urbanización A Palloza

Orzamento: 1.591.439 euros.

Execución: municipal.

Financiamento: 100% municipal, mediante aportación de cuotas de urbanización polos propietarios de solo.

Título do proxecto: POS 2013: acondicionamento e mellora de camiños en Santa Isabel - crtra. de Pascual – colexio público e camiño de Taboi-Pousadoiro

Orzamento: 35.110,52 euros

Execución: municipal.

Financiamento: Deputación 14.509,80 euros, e Concello 20.600,72 euros.

Título do proxecto: POS 2014.

Orzamento: 31.411,48

Execución: municipal.

Financiamento: Deputación 14.509,80 euros, e Concello 16.901,68 euros

Título do proxecto: Fondo compensación ambiental

Orzamento: 30.000 euros.

Execución: municipal.

Financiamento: Xunta de Galicia 20.000 euros, e Concello 10.000 euros

Título do proxecto: Electrificación de Mosteiro

Orzamento: 80.000 euros.

Execución: municipal.

Financiamento: Cofinanciamento entre o Concello de Outeiro de Rei e axentes sociais beneficiarios.

Título do proxecto: Camiño en as Tornas

Orzamento: 25.000 euros.

Execución: municipal.

Financiamento: Cofinanciamento entre o Concello de Outeiro de Rei e veciños beneficiarios.

Título do proxecto: Paseo de Santa Isabel

Orzamento: 20.000 euros.

Execución: municipal.

Financiamento: Financiado polo Concello de Outeiro de Rei.

Título do proxecto: Adquisición de parcela para ampliación de aparcadoiro no CEIP.

Orzamento: 30.000 euros.

Execución: municipal.

Financiamento: Financiado polo Concello de Outeiro de Rei.

Título do proxecto: Adquisición de parcela para ampliación de instalacións do servizo de abastecemento de auga.

Orzamento: 2.000 euros.

Execución: municipal.

Financiamento: Financiado polo Concello de Outeiro de Rei.

ANEXO

Achegas nominativas:

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local, e dada a dificultade de promover un procedemento de concurrencia competitiva por tratarse de actividades de características tales que non existe máis ca un posible suxeito beneficiario no termo de Outeiro de Rei, poderanse outorgar subvencións polos importes máximos expresados as seguintes persoas:

- Coto de caza Paz:.....91 euros.
- Coto de caza Outeiro:451 euros.
- Coto de caza Vicinte:.....271 euros.
- Coto de caza Santa Isabel:.....1623 euros.
- Subvención festas patronales:.....7.800 euros.
- Subvención festas patronales parroquia de Outeiro de Rei:700 euros
- CEIP Otero Pedrayo:.....150 euros.
- Asociación de lucha contra el cáncer:300 euros.
- A.D.S.G Santa Isabel:4000 euros.
- IES Río Miño:400 euros
- Escudería Miño Rallye C. Lugo.....:4 000 euros
- Sociedade Deportiva Matela.....2000 euros pola participación na liga e 500 euros pola copa.

- Sociedad Deportiva de Outeiro de Rei.....10000 euros por participar en 1º rexional e 2000 euros pola copa.
- Sociedade protectora de animais.....2.070,50 euros.

Establécese unha partida de 3.000 euros para o outorgamento de subvencións nominativas de outorgamento directo non previstas no presente anexo. O seu outorgamento terá carácter excepcional, deberá acordarse na Xunta de Goberno Local e unicamente procederá en supostos de imposible previsión nas datas de elaboración do orzamento, e xustificando debidamente a improcedencia da apertura dun procedemento de concurrencia competitiva. O outorgamento destas achegas deberá publicarse no taboeiro de edictos do Concello.

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI PARA O EXERCIZO ORZAMENTARIO 2013

Alcaldía

AUXILIAR ADMINISTRATIVO 1:

- Persoal funcionario; Grupo C2, complemento de destino 16, complemento específico 7.249,32 euros
- Forma de provisión do posto: concurso
- Adscripción indistinta.
- Funcións: Mecanografía, rexistro de documentos, despacho de correspondencia, cálculo sinxelo, manexo de máquinas, arquivo de documentos, atención ao público directa e telefónica.
- Situación administrativa: servizo activo.

VIXILANTE:

- Persoal funcionario; Grupo E, complemento de destino 14, complemento específico 6.196,08 euros
- Forma de provisión do posto: concurso
- Funcións: vixilancia de edificios e servizos municipais; formulación de denuncias e actas de inspección con valor probatorio en asuntos de competencia municipal; práctica de notificacións e comunicacións; porteo de documentos e bens mobles; atención ao público persoal e telefónica.
- Situación administrativa: servizo activo.

CONSERXE 1:

- Persoal funcionario; Grupo E, complemento de destino 14, complemento específico 6.196,08 euros
- Forma de provisión do posto: concurso; adscripción indistinta.

- Funcións: vixilancia de edificios e servizos municipais; notificacións e comunicacións, porteo de documentos e bens mobles; atención ao público persoal e telefónica.
- Situación administrativa: servizo activo.

CONSERXE 2:

- Persoal funcionario; Grupo E, complemento de destino 14, complemento específico 6.196,08 euros
- Forma de provisión do posto: concurso; adscripción indistinta.
- Funcións: vixilancia de edificios e servizos municipais; porteo de documentos e bens mobles; atención ao público persoal e telefónica.
- Situación administrativa: servizo activo.

Servizos xerais

SECRETARIO:

- Persoal funcionario; Grupo A1, complemento de destino 30, complemento específico 31.803,48 euros.
- Forma de provisión do posto: concurso
- Funcións: Asesoramiento legal preceptivo, fe pública, coordinación administrativa dos servizos administrativos, normalización xurídica de procedementos.
- Situación administrativa: servizo activo.

ADMINISTRATIVO 1:

- Persoal funcionario; Grupo C1, complemento de destino 22, complemento específico 8.129,64 euros
- Forma de provisión do posto: concurso
- Funcións: realización de tarefas administrativas de trámite e colaboración; Levanza do Padrón Municipal de habitantes; Arquivo e custodia de expedientes de Secretaría; Levanza do rexistro xeral do Concello; transcripcións dos libros de actas do Pleno; atención ao público persoal e telefónica.
- Situación administrativa: servizo activo

ADMINISTRATIVO 2:

- Persoal funcionario; Grupo C1, complemento de destino 22, complemento específico 8.129,64 euros
- Forma de provisión do posto: concurso
- Funcións: realización de tarefas administrativas de trámite e colaboración; Xestión do Imposto Municipal de Vehículos de Tracción Mecánica; Xestión da taxa por ocupación do vuelo e subsuelo de vías públicas;

Levanza do rexistro de animais domésticos; Xestión e tramitación de subvencións municipais; redacción das actas da Xunta de Goberno Local e transcripción dos libros de actas da Xunta de Goberno Local; atención ao público persoal e telefónica.

- Situación administrativa: servizo activo

ALGUACIL-PORTERO:

- Persoal funcionario; Grupo E, complemento de destino 14, complemento específico 6.196,08 euros
- Forma de provisión do posto: concurso
- Funcións: vixilancia e custodia de edificios e servizos municipais; práctica de notificacións e comunicacións; porteo de documentos e bens mobles; levanza do portelo único; atención ao público persoal e telefónica.
- Situación administrativa: servizo activo.

Tesourería

ADMINISTRATIVO 3:

- Persoal funcionario; Grupo C1, complemento de destino 22, complemento específico 14.910 euros
- Forma de provisión do posto: concurso
- Funcións: realización de tarefas administrativas de trámite e colaboración; Xestión de taxas e impostos municipais non asignados especificamente a outros postos de traballo; expedición de providencias de costrenximento; contabilidade municipal; redacción de documentos de pago e cobro; xestión e realización de cobros e movementos internos de tesourería.
- Situación administrativa: servizo activo

Intervención

INTERVENTOR:

- Persoal funcionario; Grupo A1, complemento de destino 30, complemento específico 15.901,68 euros
- Forma de provisión do posto: concurso
- Adicación: parcial; 50% da xornada semanal.
- Funcións: Control e fiscalización da xestión económica e financeira da entidade local; redacción de ordenanzas fiscais; informe de asuntos de natureza económica para cuxa adopción se requira maioría especial, así o esixa o ordeamento xurídico ou o requira o Alcalde, elaboración de memorias e estudos económico financeiros, emisión de certificados de existencia de creto; orzamentación; informe e tramitación de recursos económicos (reposición ou alzada).
- Situación administrativa: vacante

Urbanismo

ARQUITECTO MUNICIPAL:

- Persoal funcionario; Grupo A1, complemento de destino 30, complemento específico: 25.442,76 euros.
- Forma de provisión do posto: concurso.
- Adicación: tempo parcial 80% de xornada semanal.
- Funcións: emisión de informes técnicos na xestión e disciplina urbanística; redacción e informes e tramitación de instrumentos de planeamento e xestión urbanística; redacción de proxectos de obra, dirección de obra; supervisión de proxectos; asistencia e atención ao público en materia urbanística.
- Situación administrativa: Servicio activo.

AUXILIAR ADMINISTRATIVO 2:

- Persoal funcionario; Grupo C2, complemento de destino 16, complemento específico 7.249,32 euros
- Forma de provisión do posto: concurso
- Adscripción indistinta.
- Funcións: Mecanografía, tramitación de expedientes urbanísticos, despacho de correspondencia, confección e cobro de autoliquidacións e liquidacións tributarias, cálculo sinxelo, manexo de máquinas, arquivo de documentos, rexistro de documentos, atención ao público directa e telefónica.
- Situación administrativa: servicio activo.

Servicios especiais

LIMPIADORA DE EDIFICIOS MUNICIPAIS:

- Persoal laboral fixo; categoría profesional limpadora.
- Forma de provisión: concurso.
- Funcións: limpeza de edificios municipais.
- Cuberto definitivamente mediante contrato laboral fixo.

- Os complementos específicos están referidos a 12 mensualidades, sen incluír as contías correspondentes ás pagas extraordinarias”.

O sr. Alcalde destaca o equilibrio orzamentario do proxecto e a práctica inexistencia de débeda pública. Informa asemade que se inclúen as partidas orzamentarias relativas a urbanización A Palloza, xa que os proxectos están redactadas e, se se aproba o expediente de reparcelación este ano iniciárase a execución do gasto relativo ás obras de urbanización.

Destaca asemade os ingresos procedentes da UE así coma os gastos aos que están afectados. Tamén fai referencia á baixada de impostos que contempla o presente proxecto de orzamento, xa que prevé a baixa do tipo impositivo do IBI do 0,6 ao 0,5, ao tempo que se mantén os servicios co nivel de calidade actual.

Tamén destaca que se conxelan as taxas pola prestación dos servicios municipais, a pesares de que algún destes servicios sufrirá un incremento de custes, tal coma o prezo de eliminación de lixo ou o de xestión do servizo de abastecemento e depuración de augas residuais, dado que este ano se voltará a licitar o contrato e actualmente o prezo de contrato é moi bó.

Mantense, asemade, as partidas á Deputación Provincial para financiar o servizo de teleasistencia e a Xunta de Galicia para o transporte metropolitano.

Non varían substancialmente os gastos de persoal, salvo na partida relativa á persoal laboral do servizo de axuda no fogar, que experimenta un notable incremento como consecuencia da ampliación do número de beneficiarios do servizo, e na partida de fomento do emprego, dado que está en marcha un obradoiro de emprego así como outros programas, coma o de cooperación, que axuda á loita contra o desemprego.

Neste intre se incorpora a concelleira Begoña Seco García.

Non se prevé a concertación de operacións de crédito como fonte de financiamento, polo que se continúa a tendencia de eliminación da escasa débeda pública municipal.

Asemade, se prevén gastos dubidosos, coma o POS 2014, dado que aínda neste mes de decembro se aprobou polo Pleno da Deputación o correspondente ao exercicio 2013.

En resumo, este é un orzamento conservador e realista, que baixa os impostos, conxela as taxas e que consolidará a estabilidade orzamentaria deste concello.

Rematada a intervención do Alcalde, fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, quen formula una serie de preguntas, tales coma cal é a parcela cuxa enaxenación se orzamenta en 150.000 euros; cal e o camiño que se nomea no anexo de inversións como “Taboi-Pousadoiro” ou Santa Isabel. Tamén pregunta polo desglose das partidas “traballos realizados por outras empresas e profesionais”, que ascende a máis de oitocentos mil euros, “gastos diversos”, que ascenden a 162.000 euros; “construcción de edificios”, pola contía de 149.500 euros; “maquinaria e utillaxe”, por 120.000 euros.

O Alcalde pregúntalle polo número de partida orzamentaria.

A medida que o voceiro do PSdG-PSOE enumera a partida o Alcalde enuméralle o gasto correspondente (recollida e tratamento de lixo, escola infantil municipal, traballos en estradas municipais, servizos deportivos ... etc.).

O voceiro do PSdG-PSOE quéixase de que a información subministrada carece de información suficiente como para que os concelleiros poidan coñecer os servizos aos que se adican as partidas.

Polo que atinxe á previsión de venda da parcela, o Alcalde informa que se trata dunha parcela no polígono industrial sobre á que existe interese por unha empresa, se ben non é seguro que se materialice a venda.

Asemade, informa sobor o camiño de Taboi xurdindo debate entre o Alcalde e o concelleiro Carral Méndez sobor a procedencia da denominación do camiño.

O voceiro do grupo municipal do BNG lamenta que este ano non se dispoña da liquidación do orzamento do ano 2013 para verificar a adecuación da orzamentación do ano 2014.

O Alcalde resposta que a liquidación do ano 2013 non pode aportarse xa que o ano non rematou, como moito se lles podería aportar un estado de execución, non unha liquidación.

O voceiro do BNG explica que debería suministrarse máis información, máis intelixible e con maior desglose, xa que os concelleiros da oposición teñen que compaxinar o seu traballo coa labor coma concelleiros e non lles resulta doado estudar os orzamentos coa documentación que lles facilitan.

Por outra banda, os orzamentos son unha copia dos orzamentos do ano pasado. Desminte ao Alcalde afirmando que non se conxelan as taxas, xa que a memoria orzamentaria reconece que subirá o custe de tratamento de lixo así coma previsiblemente o de xestión da auga. Isto revela que, coma sempre, o orzamento se equilibra incrementando a recadación de impostos, e non por outras vías coma a financiación por outras administración.

Asemade, a memoria orzamentaria explica que a orzamentación se efectúa en base á liquidación do exercicio anterior (entende que será o do 2012), e no ano 2012 os 5.047.000 euros orzamentados revelaron un exceso de previsión de preto de un millón e medio de euros. Este exceso de previsións non se reflexa neste orzamento inicial, polo que solicita que se explique esta circunstancia.

O Alcalde resposta que o orzamento se parece ao do ano pasado, xa que manteñen unha liña continuista xa que os electores están a decidir nas urnas que segan a gobernar, que continúen coa súa liña de goberno.

Ademáis, o orzamento é continuista porque continúa na senda de estabilidade orzamentaria e austeridade: a non gastar máis do que se ingresa e a mellorar a eficiencia na xestión, o que permite conxugar unha suba de algúns custes de xestión (coma SOGAMA ou custes da enerxía eléctrica) coa baixa de impostos coma o IBI ou a conxelación das taxas municipais.

O incremento do orzamento trae causa do incremento de algunhas fontes de financiamento, coma a participación nos tributos do Estado, que polo mero feito de pasar dos 5000 habitantes experimentou un incremento moi notable. Este é o froito de unha política de moitos anos que permite gañar poboación mentres a meirande parte dos concellos a perde. Tamén incrementan os ingresos o financiamento da UE, coma o obradoiro de emprego ou os programas de cooperación.

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE vota de menos un informe de Intervención completo, que lles permita coñecer si se efectúa un seguimento de gastos con financiamento afectado, si se controla axeitadamente o gasto... etc. E resúltalles curioso cómo pasa o tempo e o posto de Intervención non se cubre. E pregúntase se antes se tiraban os cartos xa que o Interventor non era necesario ou se agora, sendo necesario, non se cubre o posto por outros motivos.

Tamén sorpréndese que continuamente, ano tras ano, se segan a orzamentar os mesmos proxectos que non se levan a cabo, tal coma o local social de Parada ou a urbanización de A Palloza. Hai que ter en conta que as inversións do concello unicamente representan o 19% do orzamentado para a urbanización de A Palloza.

Lamenta que non exista unha concreción clara de moitas partidas orzamentarias, que non se sabe a ciencia certa a qué se adicarán.

Considera inxusto que o Concello teña que asumir o incremento de custes de determinados servicios, coma SOGAMA, xa que ao final serán os veciños quen teñan que pagar este incremento de custes, ben mediante incremento de taxas, ben mediante redución das obras ou servicios a afrontar polo concello.

Finalmente, afirma que os orzamentos son continuistas e que se basean en ingresos fiscais inxustos e regresivos. A tal punto considera que o IBI non é un imposto xusto, xa que non considera a capacidade económica do contribuínte.

O voceiro do BNG informa que antes se lles outorgaba unha información máis detaxada que agora, e insiste en que o importante desfase entre a previsión e a execución de ingresos non ten reflexo neste orzamento e que anuncia que na liquidación do 2014 voltará a existir este desfase.

Nega que baixen os impostos ou conxelen as taxas. As taxas xa a subiron escandalosamente fai un ano e o IBI vaise reducir minimamente en comparación coa suba alarmante dos últimos anos.

Toma a palabra o sr. Alcalde, que se congratula de que a oposición se decate por unha vez que os gastos da administración os teñen que pagar os cidadáns, realidade ésta que adoitan a esquecer, e pon coma exemplo o goberno de Zapatero, quen esqueceu esta premisa e fixo a desfeita económica máis importante da historia de España.

Vota en cara ao voceiro do PSOE que afirme que os tributos non son progresivos, e recórdalle que o PSOE foi o partido que máis tempo gobernou en España e ben tivo tempo para modificar tales tributos. Pero non só non o fixo, senón que foi o goberno que os estableceu.

No que atinxe ao informe de intervención, considera que un Interventor nin falta nin sobra no Concello. De cubrirse a praza habería que pagar ao funcionario cos cartos de todos. En contrapartida descargaríase de traballo a algúns funcionarios, particularmente ao tesoreiro e máis ao Secretario que tamén fai de Interventor. Non obstante, non cree que sexa imprescindible para aprobar o orzamento, nin para que o debate sobre o mesmo poida cinxirse ao que realmente procede: as liñas políticas que marcan a distribución do gasto público.

Defende a necesidade de orzamentar a urbanización de A Palloza para garantir que, de aprobarse a reparcelación, o Concello poida iniciar a xestión urbanística do ámbito. Por outra banda, orzamentar esta actuación non causa perxuízo algún, xa que de non aprobarse a reparcelación, non se ingresa pero tampouco se gasta, polo que non ten incidencia sobor a estabilidade orzamentaria ou sostibilidade financeira. Rexeita que se faga para maquillar o orzamento, xa que de prescindir desta actuación resultaría un orzamento de catro millóns de euros para un concello de 5000 habitantes, o que non está mal.

E recorda que acábase de rematar unha actuación de máis dun millón de euros que deu resposta a unha situación análoga a de A Palloza, e para o que tamén foi necesario orzamentar a actuación de urbanización e os froitos están a vista.

A actuación relativa ao local social de Parada demorouse por mor da adquisición da propiedade da parcela, xa que intentouse a compravenda e non puido levarse a cabo por desavenencias entre os integrantes da comunidade hereditaria. Por iso foi necesario

tramitar un expediente de expropiación forzosa cuxa tramitación leva un tempo. Agora xa se adquiriu a propiedade do solo e agora se iniciará a execución da obra.

Aclara que a eventual suba do prezo do contrato de xestión da auga que resulte do proceso de licitación non se repercutirá aos veciños mediante unha suba da taxa, e insiste en que as taxas se conxelan este ano, suban ou non estes custes. E iso será posible aforrando de outros sitios e compensando este incremento de custes con outras fontes de financiamento, coma o incremento na participación nos tributos do Estado polo feito de superar os 5000 habitantes.

Continúa a súa intervención afirmando que, efectivamente, se subiron os impostos no ano pasado, pero esta suba impositiva non foi caprichosa, senón que resposta a unha situación creada polo anterior goberno no que se gastaba moitísimo máis que o que se ingresaba e agora non queda outra solución que reconducir a situación. Pon coma exemplo o plan de pago a provedores. Este concello non tivo que acudir a este plan, pero gran parte do sector público tivo que acudir a este plan e iso hai que sufragalo.

O que non vai facer este goberno é o de gastar o que non se ten e pasar a factura ás xeracións que veñen detrás.

Conclúe felicitándose do contido do debate, xa que o único que a oposición foi capaz de alegar foi falla de información e que o orzamento é continuista. No tocante ao primeiro, reitera a súa dispoñibilidade á subministrar a información que precisen, e polo que atinxe ao segundo, o orzamento é continuista porque así o demandou o pobo de Outeiro de Rei nas urnas, polo que non pode ser doutro xeito.

Por iso propón aprobar o orzamento así coma os documentos que se xuntan.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación provisional do orzamento para o exercicio 2014, así coma a relación de postos de traballo, anexo de inversións, anexo de subvencións nominativas e bases de execución orzamentaria.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular, e tres votos en contra, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do PSdG-PSOE e do BNG.

4.- APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES

O sr. Alcalde inicia o debate do presente punto da orde do día expoñendo a conveniencia de efectuar unha modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto de bens inmobles, co gallo de reducir a carga fiscal dos veciños de Outeiro de Rei, logo que a política levada a cabo polo goberno municipal permitiu manter ao concello nunha situación de saneamento financeiro.

Esta rebaixa fiscal implicaría na práctica, unha redución do tipo impositivo do Imposto de Bens Inmobles urbanos do 0,6% ao 0,5%, de xeito que a ordenanza quedaría redactada como sigue:

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE OS BENS INMOBLES

De conformidade có establecido nos artigos 15 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, procédese á modificación da Ordenanza Fiscal do Imposto sobre os Bens Inmóbles, que quedará redactada nos seguintes termos:

Artigo 1: Feito imponible e supostos de non suxeición e exención.

O feito imponible do imposto, así coma os supostos de non suxeición e exención, serán os regulados nos artigos 61 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Asemade, quedarán exentos de tributación no Imposto os recibos e liquidacións correspondentes a bens inmóbles rústicos e urbáns cuxa cuota líquida agrupada de tódalas cuotas relativas a un mesmo suxeito pasivo referentes a bens rústicos e urbáns sitos neste municipio sexa inferior a 6 euros.

Artigo 2: Tipo de gravamen.

Os tipos de gravamen serán os seguintes:

Para bens inmóbles urbáns o 0,5 por 100.

Para bens inmóbles rústicos o 0,61 por 100.

Para bens inmóbles de características especiais o 0,6 por 100.

Artigo 3: Bonificacións postestativas.

As vivendas que constitúan a residencia habitual de familias numerosas gozarán dunha bonificación na cota íntegra do imposto, de acordo coas seguintes categorías:

- Xeral: bonificación do 50% para aqueles suxeitos pasivos titulares de familias numerosas con tres ou catro fillos, ou que, tendo dous fillos, un deles teña un grado de minusvalía superior ao 66%.
- Especial: bonificación do 75% para aqueles suxeitos pasivos titulares de familias numerosas de máis de catro fillos.

Aos efectos da clasificación na categoría xeral ou especial anterior, estarase ao disposto na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de Protección de Familias Numerosas.

Terá a consideración de vivenda habitual a que figure como residencia no Padrón Municipal.

Os suxeitos pasivos do imposto deberán presentar, xunto coa solicitude de bonificación, os documentos oficiais acreditativos da súa condición de familia numerosa.

Artigo 4: Xestión tributaria.

A xestión tributaria do imposto se atinxirá ao disposto, con carácter xeral, na Lei Xeral Tributaria.

A xestión do imposto poderá ser delegada polo Concello de Outeiro de Rei na Deputación Provincial de Lugo. Neste suposto, a xestión tributaria se rexirá polo disposto nas ordenanzas fiscais da Deputación Provincial”.

Toma a palabra o voceiro do BNG, quen advirte que a baixada do IBI que agora se vende polo PP tense que por en relación coa tremenda suba dos anos anteriores. Tampouco está de acordo co relato da crise que fan dende o PP, e segundo a cal a culpa é dos cidadáns que vivían por riba das súas posibilidades. Non coñece a ninguén en Outeiro que vivise por riba das súas posibilidades e están a sufrir a crise igual. A orixe da crise está noutro sitio, pero o goberno non se mete con eles: os equipos de fútbol, as eléctricas, as entidades financeiras... pero con eles non se meten, senón os ministros non poderán colocarse despois non seus consellos de administración.

Pero aquí quen paga o pato son os de sempre, os cidadáns de a pé, e o fai pagando máis impostos e recibindo menos servicios.

O voceiro do PSdG-PSOE destaca que a tributación do IBI pasa do 0,4 do ano 2011 (porcentaxe coa que xa non está de acordo) a algo máis do 0,5 que se propón, xa que leva consigo unha suba da base impositiva nun coeficiente de 1,1. Por iso non hai tal baixa de impostos senón unha suba encuberta que non poden apoiar.

O sr. Alcalde resposta que a porcentaxe do 0,4% é o mínimo legal que existía ata finais do ano 2011 e que o goberno socialista non modificou a pesares de ter tempo dabondo. Como consecuencia da crise económica á que nos levou o despilfarro de ese mesmo goberno socialista, o mínimo legal fixéuse no 0,6%, que é o que se aplicou este ano 2013. Posteriormente abriuse a posibilidade de reducir este mínimo ata o 0,5% sempre que non se comprometa a estabilidade orzamentaria do concello, que é o que estamos a facer con esta proposta. Por iso o que están a facer é pura demagogia, porque estamos no mínimo legal e por debaixo da meirande parte dos concellos que goberna a esquerda.

E falan os grupos da esquerda de que o actual goberno non planta cara as eléctricas, e o di mentres moitos dos componentes dos anteriores gobernos socialistas están en consellos de administración de Endesa, na ONU e demais, tras deixar un sistema eléctrico enormemente deficitario. Tamén se lles enche a boca a defender aos desficiados, pese a que o anterior goberno non só creou a crise, senón que co apoio do BNG aprobou nada máis e nada menos que a figura do “desficiamento exprés”, e tivo que ser o goberno do PP quen impulsara as leis que mitigan esta situación. O nivel de demagogia da esquerda é increíble.

Pregúntalle ao voceiro do BNG qué é o que fixeron o BNG ou o PSOE cando gobernaron para cobrar máis ás grandes empresas ou aos equipos de fútbol ou que fixeron para perseguir o fraude fiscal. Non fixeron absolutamente nada.

O legado que deixou a esquerda foi un país endebedado, cunha seguridade social e o sistema de pensións na borde da quebra, e agora, igual que xa fixo antes, ten que vir o PP a levantar a situación. A melloría, pouco a pouco, xa se empeza a ver na macroeconomía, aínda que a recuperación será lenta e custosa e requirirá da creación masiva de emprego.

Por todo iso, propón aprobar a modificación proposta e baixar o tipo impositivo do 0,6 ao 0,5%.

O voceiro do BNG recórdalle ao Alcalde que o BNG nunca gobernou co PSOE en España, limitouse unicamente a apoiar algunha iniciativa concreta e sempre a cambio de contrapartidas para Galicia. Por iso lle esixe que diferencie entre PSOE e BNG cando fala de anteriores gobernos de España.

Tamén recorda que o goberno de Aznar levantou o país a custa de vender todas as empresas públicas e de privatizar servicios. E afirma que lle dá moito que pensar cando un presidente ou un ministro, cando se xubila, vai de asesor ou para o consello de administración dunha gran empresa ou entidade financeira. E os temas de tributación das grandes empresas e dos equipos de fútbol son temas de ámbito estatal e que teñen que solucionar os dous partidos que gobernan a nivel estatal: PP e máis o PSOE.

O voceiro do PSdG-PSOE considera que no IBI non paga máis quen máis ten, e que agora se pagará non polo 0,5%, senón polo 0,55%. Tamén afirma que se está a intentar meter como solo urbano o solo dos pobos, o que incrementa moitísimo o recibo do IBI e que se está a actualizar como urbano o IBI de instalacións agrarias como pendellos ou cortes.

O Alcalde afirma que iso non é verdade. O tipo que agora se aproba é o 0,5%, non o 0,55%. E as instalacións e edificacións de uso agropecuario non se catastran como bens urbáns en ningún caso. Afirmar iso é pretender confundir á xente.

Desminte que a día de hoxe en solo de núcleo rural teñan a clasificación catastral de solo urbán parcelas non edificables, se ben o xusto sería que así fose xa que teñen un valor moi diferente ao do solo rústico. Tamén informa que a lexislación catastral esixe que se catastre como urbán todo o ámbito delimitado como solo de núcleo rural, polo antes ou despois terá que facerse.

E como é evidente, paga máis quen máis ten. O 0,5% dunha casa de 200.000 é o dobre do 0,5% dunha casa de 100.000 euros.

Respóstalle ao voceiro do BNG que nunca ocultará os feitos, e os feitos din que sempre que poden gobernan co PSOE, aínda que o PSOE teña menos concelleiros co PP. E tampouco poden negar que apoiaron á investidura de Zapatero e que o apoiaron en moitos outros asuntos.

Tampouco poden botar balóns fora co tema dos impostos, xa que gobernaron co PSOE na Xunta de Galicia e a Xunta ten capacidade tributaria. E xa que apoiaron a Zapatero, ben puideron pactar con él en temas tributarios.

Rematado o debate, sométese votación a proposta de aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto de bens inmobles.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular, e tres votos en contra, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do PSdG-PSOE e do BNG.

5.- MOCIÓN DE URXENCIA

O sr. Alcalde constata a existencia dunha moción de urxencia presentada polo voceiro do BNG o día 23 de decembro de 2013, contra a suba do canon de SOGAMA.

O voceiro do BNG pregunta porqué esta moción meteuse de urxencia e cal é o criterio que utiliza o Alcalde para calificala de urxencia ou para incluíla na orde do día, e anuncia que non defenderá a urxencia da moción xa que a moción non ten que tratarse coma urxente xa que a presentou antes da realización da convocatoria.

Non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión sendo as quince horas e quince minutos, da que eu, Secretario, estendo a presente acta co visto e praxe do Alcalde.

O Secretario

VºBº, O Alcalde

Asdo.: José María Vázquez Pita Asdo.: José Pardo Lombao